

# MEMORIA PDI

CURSO: 2018/19

CEIP M. CORDO  
BOULLOSA

Ponte Caldelas  
(Pontevedra)

## TÁBOA DE CONTIDO

<b>1. INTRODUCCIÓN</b> .....	2
<b>A. XUSTIFICACIÓN</b> .....	2
<b>B. PLANIFICACIÓN E CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DO CURRÍCULO</b> .....	3
<b>C. CALENDARIO E ORGANIZACIÓN</b> .....	4
<b>D. ALUMNADO E PROFESORADO PARTICIPANTE</b> .....	4
<b>E. PROGRAMAS DE CENTRO</b> .....	4
<b>2. TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTA</b> .....	5
<b>3. PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA</b> .....	5
<b>4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO</b> .....	6
<b>5. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS POLO ALUMNADO</b> .....	7
<b>A. INFANTIL</b> .....	7
<b>B. 1º E 2º PRIMARIA</b> .....	7
<b>C. 3º E 4º PRIMARIA</b> .....	8
<b>D. 5º E 6º PRIMARIA</b> .....	8
<b>E. ACTIVIDADES A NIVEL CENTRO COORDINADAS POLO E. A. COMPLEMENTARIAS</b> .....	9
<b>F. ACTIVIDADES POR DEPARTAMENTOS</b> .....	9
<b>G. TRANSVERSALIDADE</b> .....	9
<b>6. RECURSOS E FONTES</b> .....	10
<b>A. RECURSOS</b> .....	10
<b>B. FONTES</b> .....	10
<b>7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA</b> .....	11
<b>8. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA</b> .....	12
<b>9. AVALIACIÓN</b> .....	12
<b>A. CONSECUCIÓN OBXECTIVOS PROPOSTOS</b> .....	12
<b>B. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS NA AVALIACIÓN</b> .....	14
<b>C. CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS</b> .....	14
<b>D. VALORACIÓN DOS PRODUTOS FINAIS</b> .....	14
<b>10. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO</b> .....	14
<b>11. CONCLUSIÓNS E ENLACES</b> .....	15

## 1. INTRODUCCIÓN

### A. XUSTIFICACIÓN

Os motivos que nos levaron a traballar a nivel centro co PDI, a iniciativa do Equipo de Biblioteca do noso centro, foron as expectativas de estimular novas formas de motivación e de construír o coñecemento acordes coa sociedade da información na que vivimos. Por outra banda moveunos a necesidade de acadar melloras tanto a nivel curricular como de fomento da convivencia e inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Deste xeito, favoreceuse non so a consecución das competencias clave, senón tamén unha redución do fracaso escolar.

Como o seu nome indica, “integrado”, o traballo por proxectos que permite a interdisciplinabilidade ou a globalización entre as materias; a transversalidade e a educación en valores; o respecto polos diferentes ritmos de traballo e polas intelixencias múltiples; o traballo cooperativo, contribución ao logro de competencias... Deste xeito logramos acadamos, por tanto, unha avaliación integral de todos os saberes: saber aprender novos contidos, saber facer, saber ser e saber convivir en harmonía (avogando pola inclusión e a resolución pacífica de conflitos).

Ademais, é a mellor maneira de facer do alumnado o centro da súa propia aprendizaxe (desde unha perspectiva construtivista), xa que toma partido en todas as decisións que atinxen ao tema obxecto de traballo: que sabemos? (partir do coñecido); que queremos saber? (plantexar uns obxectivos); como o imos facer?; onde buscamos a información?; como a trataremos e a recolleremos?; participación nas tarefas e actividades propostas (U. didácticas integradas); presentación e exposición de resultados (produto social relevante); avaliación de resultados (logro de estándares de aprendizaxes e competencias).

Esta forma de traballar (xa levamos cinco cursos) ofrece un bo marco para un ensino compensatorio, xa que, como estamos nunha contorna rural, moito alumnado ten menos

acceso á cultura. Este ano realizamos saídas ao teatro, ao Museo de Pontevedra, á exposicións artísticas no Concello (vinculadas coa temática da violencia de xénero); charlas literarias; roteiros arquitectónicos; actuacións musicais ...

## B. PLANIFICACIÓN E CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DO CURRÍCULO

Para a planificación partimos das iniciativas desde a biblioteca de centro para atender ás necesidades do mesmo e tomamos como referencia os actuais currículos de infantil e primaria. Leváronse a cabo todas as reunións previstas e comunicáronse todos os acordos, iniciativas e seguimentos nas respectivas reunións de Claustro ao longo do curso:

<b>REUNIÓN Nº: 1</b>	<b>Data:</b> 7/9/2018	Presentación de propostas
<b>REUNIÓN Nº: 2</b>	<b>Data:</b> 9/10/2018	Tema: EmocionARTE, e Subtemas por niveis
<b>REUNIÓN Nº: 3</b>	<b>Data:</b> 13/11/2018	Acordos sobre temporalización; Fase de motivación e presentación da bibliografía
<b>REUNIÓN Nº: 4</b>	<b>Data:</b> 15/1/2019	Presentación propostas da 2ª Fase: procura e tratamento da información
<b>REUNIÓN Nº: 5</b>	<b>Data:</b> 19/2/2019	Seguimento
<b>REUNIÓN Nº: 6</b>	<b>Data:</b> 09/04/2019	Acordos e situación dos produtos finais
<b>REUNIÓN Nº: 8</b>	<b>Data:</b> 14/5/2019	Fase 3ª: Presentación produtos finais
<b>REUNIÓN Nº: 9</b>	<b>Data:</b> 27/6/2019	Valoración e aprobación continuidade

A **contribución do proxecto ao desenvolvemento do currículo**<sup>1</sup> queda patente a través da interdisciplinabilidade e da selección de contidos de aprendizaxe, estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación e as competencias traballadas ao longo do proceso.

CIENCIAS NATURAIS: bloques de contidos 1 de iniciación a actividade científica (traballo por proxectos, traballo cooperativo e procura información) e 2 do ser humano e a saúde (importancia das emocións na saúde).

CIENCIAS SOCIAIS: bloque 1 de contidos comúns da área sobre métodos de traballo, uso das TICs, traballo cooperativo; e bloque 3 sobre vivir en sociedade e a importancia da xestión das emocións para a convivencia en sociedade.

<sup>1</sup> D. 330/2009 do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Ed. Infantil en Galicia e o D 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Ed. Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

EDUCACIÓN PLÁSTICA: bloque 1, educación audiovisual (traballo das imaxes a través das Tics) e o bloque 2 sobre expresión artística (debuxos, murais, retratos, técnicas pictóricas...).

EDUCACIÓN MUSICAL: bloques 1, “escoita musical” e 3, “música, danza e movemento”.

LINGUAS: precisamos telas en conta como instrumento fundamental que intervén en todo o proceso: lectura, expresión escrita, emocións en inglés, comunicación non verbal (xestos, ton de voz, emoticonos...).

MATEMÁTICAS: bloque 5, sobre recollida de datos estatísticos varios.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS: educación emocional.

COMPETENCIAS CLAVE: Contribuirase ao seu logro ao longo de todo o proceso. Todas entran en xogo aínda que, dependendo do momento e da actividade primará unha u outra. Estas competencias, tal como marca o currículo son: Comunicación lingüística; Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía; Competencia dixital; C. Aprender a aprender; Competencias sociais e cívicas; Sentido de iniciativa e espírito emprendedor; e Conciencia e expresións culturais.

### C. CALENDARIO E ORGANIZACIÓN

Leváronse a cabo as reunións previstas e tomáronse os acordos pertinente para a organización das diferentes tarefas para levar a cabo o proxecto. Logo, elaborouse un calendario coas pautas a seguir que se entregou ao profesorado (ver apartado 4 desta memoria).

### D. ALUMNADO E PROFESORADO PARTICIPANTE

Participou a totalidade do alumnado e todo o claustro.

### E. PROGRAMAS DE CENTRO

O tema abordado no PDI deste curso permite que se impliquen los diferentes programas e plans nos que participa o centro: **Contratos-programa, Seccións bilingües, PLAMBE, Plan director, Plan Proxecta- deporte na escola e Practicum.**

## 2. TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTA

“EMOCION-ARTE”	
<b>TEMA</b>	Arte e emocións a través das diferentes artes
<b>Infantil</b>	A PINTURA
<b>1º e 2º Primaria</b>	A FOTOGRAFÍA E A ARQUITECTURA
<b>3º Primaria</b>	A ESCULTURA
<b>4º Primaria</b>	O CINE
<b>5º Primaria A</b>	O TEATRO
<b>5º Primaria B</b>	A DANZA
<b>6º Primaria</b>	A MÚSICA

## 3. PROCESO DE DISEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

As fases do proceso para deseñar a proposta foron:

1. Decidir previamente, por adiantado, tomando a decisión sobre os seguintes aspectos: que facer, como, cando e onde facelo e quen serán o responsables de levalo a cabo.
2. Identificar as necesidades que temos no centro para abordalas partindo da motivación e trazar estratexias que teñan en conta a proposta curricular de maneira que o proxecto contribúa á consecución dos estándares de aprendizaxe previstos e ao logro das competencias clave.
3. Toma de acordos e asignación dos diferentes apartados o “sub-temas” a cada nivel e acordar o profesorado responsable de guiar cada actuación, tarefa ou actividade. Isto implica tamén a recompilación de fontes de información necesarias.
4. Fase de motivación, propiciada especialmente desde a Biblioteca de centro.
5. Elaboración dun guión coas diferentes propostas de cara a afrontar o proxecto. Este guión entregárase ao profesorado e ao alumnado para que lle sirva de fío condutor.
6. Desenvolvemento propiamente dito (a fase máis longa), de cara a lograr o produto final.

#### 4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO

MESES		ACTIVIDADES A REALIZAR	Observacións
PRIMEIRO TRIMESTRE	SETEMBRO	Acordar o “sub-tema” por niveis	Non preocuparse aínda polo produto final.
		Presentar ao alumnado o “sub-tema” e coñecer os seus intereses. Fixar algúns estándares a conseguir.	Aproveitar reunións ciclo.
		Equipos Traxallo Cooperativo: elixir os nomes equipos e elaborar os emblemas.	“Tormenta de ideas” sobre o enfoque do tema.
	OUTUBRO	Fase de motivación: Carta de Curicuxa (mascota biblioteca); decoración bibliotecas de aula e as portas. Horario aula TICS Preparación exposición bibliografía na biblioteca de centro.	Deixar claro ao alumnado os pasos a seguir e o que pretendemos. En Música e Plástica: acordos decoracións
	NOVEMBRO	Fase de detección de coñecementos previos sobre o tema elixido: (Que sabemos? Que queremos saber?). Fase de procura de información I	Visitar a Biblioteca como fonte de recursos. Información desde casa. Tics
DECEMBRO	Fase de procura de información II	Buscar un recuncho na aula para poñela	
SEGUNDO TRIMESTRE	XANEIRO	Fase de tratamento da información I: acordos por equipos. Decisións e acordos sobre o formato a empregar para recoller a información.	Pedir colaboración ao profesorado especialista.
	FEBREIRO	Fase de tratamento da información II.	Ideas para o produto final.
	MARZO	Comezo da elaboración do produto final relevante.	Acordos sobre a fase de presentación.
TERCEIRO TRIMESTRE	ABRIL	Elaboración do produto final.	
	MAIO	Exposicións, presentacións... Avaliación do alumnado. Colgar os traballos nos blogs.	Facilitar información á comunidade educativa para que podan ver os traballos.
	XUÑO	Avaliación do proxecto a nivel centro	
<b>NOTAS</b>		Pódense visitar outras aulas, murais, etc. Coordinar co resto de profesorado que imparta clase nos grupos. Pedir asesoramento ao E. Biblioteca sempre que sexa necesario.	

## 5. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS POLO ALUMNADO

Ao longo do curso o alumnado realizou diversas tarefas que responderon as seguintes fases:

Presentación/motivación (decoración bibliotecas aulas e portas); procura e tratamento da información; realización dun produto social relevante; presentación ou exposición ou interpretación dese produto final e avaliación do proceso e resultados (ver apartado 9).

A través de fotografías, presentacións, vídeos e a revista escolar “Troita” pódense visualizar os procesos e as accións levadas a cabo polos distintos grupos. Todos os produtos finais están colgados nos blogues, tanto da biblioteca como dos diferentes “ciclos”.

### A. INFANTIL

As emocións e a PINTURA		
Accións	Valoración	Breve descripción
<p>“ A árbore dos recordos” (coa colaboración das familias) emulando ao de Klimt, ao igual que “El beso”. Murais con autorretratos. Os Gurruminos</p>	<p><input checked="" type="checkbox"/> Positivo</p>	<p>Cada curso centrouse nun autor diferente. Desglosouse de forma trimestral: 1º o arte abstracto; no 2º as emocións a través dunha previa selección de cadros; 3º arte cubista, e finalizamos co estilo Pop Art. Arte aplicando distintas técnicas plásticas (salpicaduras, soprado con tempera, dripping...) Implicación do profesorado de Plástica.</p>
<b>Produto final</b>	Elaboración dunha presentación dixital (issu)	

### B. 1º E 2º PRIMARIA

As emocións e a FOTOGRAFÍA e ARQUITECTURA		
Accións	Valoración	Breve descripción
<p>Elaborouse un rueiro da vila para utilizalo no proxecto de robótica. Interpretación de cancións, exposicións, murais, obradoiros de fotografía (caixa escura e fotografía con cámara instantánea) e obradorios de arquitectura</p>	<p><input checked="" type="checkbox"/> Positivo</p>	<p>Na fase de motivación tivo lugar unha saída á contorna visitando e fotografando os edificios e lugares emblemáticos da nosa vila. Desenvolvéronse unidades didácticas integradas distribuíndo as diferentes actividades e tarefas. Traballáronse os contidos a través de pictogramas para facilitar a participación do alumnado TEA. Participaron amplamente as familias. Emprego de dinámicas e estruturas de traballo cooperativo.</p>
<b>Produtos finais</b>	<p>Montaxe dun “fotomatón” Montaxe dun canastro e exposición da arquitectura da contorna</p>	



### C. 3º E 4º PRIMARIA

<b>As emocións e a ESCULTURA (3º)</b>		
<b>Accións</b>	<b>Valoración</b>	<b>Breve descrición</b>
Roteiro pola “cidade vella” e visita ao Museo Provincial Xogo das emocións cun escornabot. Creación de esculturas	<input checked="" type="checkbox"/> Positivo	Planificáronse as actuacións en función das fases programadas desde a biblioteca e participouse nas actividades relacionadas co grupo de traballo de robótica: aproximación á montaxe dun mbot.
<b>Produto final</b>	Creación de esculturas das propias mans do alumnado en escaiola	
<b>As emocións e o CINE (4º)</b>		
<b>Accións</b>	<b>Valoración</b>	<b>Breve descrición</b>
Visualización de vídeos. Charla no cole sobre a industria do cine.	<input checked="" type="checkbox"/> Positivo	Planificáronse as actuacións en función das fases programadas desde a biblioteca. Actuacións de diversos xéneros de cine: mudo, romántico, acción e comedia.
<b>Produto final</b>	Representación dunha rodaxe cinematográfica	

### D. 5º E 6º PRIMARIA

<b>As emocións e o TEATRO (5ºA)</b>		
<b>Accións</b>	<b>Valoración</b>	<b>Breve descrición</b>
Recollida de información de cada tipo teatral; preparar escenarios e escenificar.	<input checked="" type="checkbox"/> Positivo	Información, explicación e representación de diferentes tipoloxías de teatro (títeres, sombras, mimo e teatro negro)
<b>Produto final</b>	Gravación de catro pequenas obras de cada tipo de teatro	
<b>As emocións e a DANZA (5ºB)</b>		
<b>Accións</b>	<b>Valoración</b>	<b>Breve descrición</b>
Kamishibai Representación de diferentes emocións a través da expresión corporal	<input checked="" type="checkbox"/> Positivo	Explicación das características da danza mediante o teatriño Kamishibai.
<b>Produto final</b>	Interpretación dun baile con traxes de luces led.	
<b>As emocións e a MÚSICA (6º)</b>		
<b>Accións</b>	<b>Valoración</b>	<b>Breve descrición</b>
Escoita activa e interpretación de cancións. Mural interactivo. Visualización vídeos	<input checked="" type="checkbox"/> Positivo	Cada venres escoitábase unha canción elixida por cada alumno, comentabamos as emocións, escribían o título nun paución que logo se colocaba no peto correspondente a emoción no mural interactivo música e emocións. Interpretabamos a música a través de xestos e percusión corporal.
<b>Produto final</b>	Unha representación de percusión corporal con diversas emocións (nós somos música e emoción)	

## E. ACTIVIDADES A NIVEL CENTRO COORDINADAS POLO E. A. COMPLEMENTARIAS

Actividade: Entroido (disfraces acordes coa temática traballada)								
Planificada	Realizada	Temporalización			Valoración			
Si <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	Si <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 1	<input type="checkbox"/> 2	<input checked="" type="checkbox"/> 3	4 <input type="checkbox"/>
Cursos implicados				Grao de implicación do profesorado				
TODOS				<input type="checkbox"/> 1	<input type="checkbox"/> 2	<input checked="" type="checkbox"/> 3	<input type="checkbox"/> 4	
Actividade: Festival de primavera (teatro, música, bailes... acordes coas artes traballadas)								
Planificada	Realizada	Temporalización			Valoración			
Si <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	Si <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 1	<input type="checkbox"/> 2	<input type="checkbox"/> 3	4 <input checked="" type="checkbox"/>
Cursos implicados				Grao de implicación do profesorado				
TODOS				<input type="checkbox"/> 1	<input type="checkbox"/> 2	<input checked="" type="checkbox"/> 3	<input type="checkbox"/> 4	
Actividade: Concurso espantallos (Concello A Lama) e Salón libro "Revolucion-arte" (Pontevedra)								
Planificada	Realizada	Temporalización			Valoración			
Si <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	Si <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 1	<input type="checkbox"/> 2	<input type="checkbox"/> 3	4 <input checked="" type="checkbox"/>
Cursos implicados				Grao de implicación do profesorado				
TODOS				<input type="checkbox"/> 1	<input type="checkbox"/> 2	<input checked="" type="checkbox"/> 3	<input type="checkbox"/> 4	

## F. ACTIVIDADES POR DEPARTAMENTOS

<b>E. Física</b>	"Imitando cadros": O alumnado de 6º foi fotografado emulando os cadros famosos escollidos por eles e elas.
<b>Inglés</b>	"Corredor de emocións": Murais e o chan dunha aula de inglés repasa as emocións con baldosas etiquetadas en inglés, para chegar a clase "happy".
<b>Música</b>	Coordinación das actividades complementarias
<b>Orientación</b>	Subir aos blogues (xunto ás titorías e E. Biblioteca) os produtos finais.

## G. TRANSVERSALIDADE

A temática deste curso abordou temas transversais e de educación en valores (igualdade, educación emocional para a convivencia...) e foi tida en conta en moitas actuacións dos programas nos que participamos:

Actuación: Exposición artística "Rompe", sobre violencia de xénero						
Grupo/Nivel	Temporalización			Valoración		
5º e 6º EP	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/> Positivo	<input type="checkbox"/> Negativa	
<b>Responsables</b>	Concello de Ponte Caldelas e Deputación Pontevedra					
<b>Resultados</b>	Concienciación emocional/social da existencia de micromachismos e machismos					
Actuacións: Dinámicas e estruturas de traballo cooperativo e traballo con m bots						
Grupo/Nivel	Temporalización			Valoración		
TODOS	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/> Positivo	<input type="checkbox"/> Negativa	
<b>Responsables</b>	Equipo de traballo cooperativo e claustro					
<b>Resultados</b>	Espertar o sentido de pertenza a un grupo					

## 6. RECURSOS E FONTES

### A. RECURSOS

Tanto os recursos humanos, como materiais e espaciais necesarios quedan recollidos no apartado 9.a. da presente memoria.

### B. FONTES

As principais fontes empregadas foron: bibliográficas (bibliotecas ou aportadas polas familias), páxinas web, vídeos, películas e música.

#### **BIBLIOGRAFÍA PROFESORADO**

Piquin, R. *Proyectos Documentales Integrados*. Gobierno de Navarra, 2012

Molina, C. *Emociones expresadas, emociones superadas*. Zenith 2017

AECC. *Las emociones, comprenderlas para vivir mejor*. Recuperado de <http://sauce.pntic.mec.es/falcon/emociones.pdf>

Varios. *Cultivando emociones, 2. Educación emocional de 8 a 12 años*. Generalitat Valenciana, Consellería Educación. Recuperado de <http://www.juntadeandalucia.es/educacion/portals/delegate/content/39e5fa35-716b-4330-b56b-743d45010db2>

Zurita, A. *Actividades para el desarrollo: inteligencia emocional en los niños*. Parramon, 2012  
Arte y emociones. <http://revista.elarcondeclio.com.ar/arte-emociones-nivel-inicial/>

#### **BIBLIOGRAFÍA ALUMNADO E PROFESORADO**

Núñez, C. *Emocionario*. Palabras aladas, 2013

Núñez, C. *Manual para soñar*. Palabras aladas, 2014

Núñez, C. *Diario de la gratitud*. Palabras aladas, 2013

Piumini, R. *Emociones y sentimientos*. Edelvives, 2013

Llenas, A. *El monstruo de colores*. Flamboyant. 2012

Pujol i Pons. *El gran libro de las emociones*. Parramont. 2018

Farré, LL. *El niño gris*. La galera. 2006

Mckee, D. *Elmer*. Beascoa. 2006

Monreal, V. *La mancha de Klee quiere ser pirata*. Loqueleo. 2016

Monreal, V. *El cuadrado de Mondrian quiere ser cíclope*. Loqueleo. 2016

Teckentrup, B. *El árbol de los recuerdos*. Nubeocho ediciones. 2015

Varios. *Grandes pintores del siglo XX: Picasso, Mondrian, Kandinsky*. Globe.

Varios. *Mi primer libro de Picasso*. Anaya.

## VIDEOS

Varios. *Vídeos musicais*

*Sofía, la vaca que amaba la música*. <https://www.youtube.com/watch?v=ZqqWMSH3gAI>

*Por cuatro esquinitas de nada*. [https://www.youtube.com/watch?v=DBjka\\_zQBdQ](https://www.youtube.com/watch?v=DBjka_zQBdQ)

*Arte cubista de Picasso para niños*. <https://artecontusmanitas.wordpress.com/tag/pablo-picasso/>

*Kandinsky para niños*. <http://arte paraninos.blogspot.com/2013/11/el-pintor-wassily-kandinsky-para-ninos.html>

*Esculpir manos*.

[https://www.bienestaramada.cl/prontus\\_bienestar/site/artic/20130927/asocfile/20130927115027/proyecto\\_educativo\\_esculturas\\_kinder\\_2013.pdf](https://www.bienestaramada.cl/prontus_bienestar/site/artic/20130927/asocfile/20130927115027/proyecto_educativo_esculturas_kinder_2013.pdf)

## PELÍCULAS E MÚSICA

*Inside out*. Disney-Pixar    *Billy Elliot*. BBC

Cine mudo: *Charlot*

Cancións varias elexidas polo alumnado de 6º, en MP3

## 7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

A participación no desenvolvemento de cada actividade e tarefa que formaba parte do proxecto foi do 100% do claustro e do alumnado; sen embargo, o grao de implicación foi desigual podendo establecer o seguinte baremo:

Moito: Equipo Biblioteca, E. actividades complementarias, titorías, E. directivo e coidadora. Neste apartado merece mención especial o alumnado de prácticas.

Bastante: Departamentos de E. Física e Inglés.

Pouco: Departamento Orientación.

A porcentaxe de participación e implicación das familias foi media-baixa nalgúns cursos e media-alta noutros, pero aumentou bastante en relación a anos anteriores. Mención especial merece a colaboración e implicación da AMPA.

Por causas de forza maior non puidemos contar co obradoiro de afectividade que estaba previsto que impartise **servizos sociais** con Concello, pero que adoita implicarse.

## 8. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

Os principais medios de difusión dos traballos son:

1. Blogue da Biblioteca: <http://curicuxa.blogspot.com/>
2. Os diferentes blogues do centro (con enlaces desde el blogue da biblioteca), así como a páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcordoboullosa/>
3. Revista escolar “Troita” (na súa 38ª edición).
4. En vivo, visitando as exposicións do centro e interaccionando. As comunicacións fanse a través de notificación en papel e pola aplicación Tokapp.

## 9. AVALIACIÓN

### A. CONSECUCIÓN OBXECTIVOS PROPOSTOS

<b>Obxectivo:</b> Crear as condicións actitudinais e metodolóxicas que permitan dar aos alumnos e as alumnas unha resposta educativa axeitada á súa individualidade na procura de reducir ao máximo posible (ou evitar) o fracaso escolar e os problemas de inclusión e integración.						
<b>Acción 1</b>	Ter previstas de antemán as necesidades do noso alumnado ao programar as tarefas.					
	<b>Temporalización</b>			<b>Grao de consecución</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/> Conseguido	<input type="checkbox"/> Parcialmente	<input type="checkbox"/> Non conseg
<b>Indicador</b>	Melloras no rendemento escolar dos alumnos e a convivencia					
<b>Responsables</b>	Toda a comunidade educativa					
<b>Recursos e materiais</b>	Fondos biblioteca. Aula Tic					
<b>Acción 2</b>	Solicitar asesoramento					

	Temporalización			Grao de consecución		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/> Conseguido	<input type="checkbox"/> Parcialmente	<input type="checkbox"/> Non conseg
<b>Indicador</b>	Implicación do Departamento de Orientación (DO) para o a.n.e.a.e.					
<b>Responsables</b>	Coordinadora biblioteca, DO e titorías					
<b>Recursos e materiais</b>	Pictogramas e bibliografía e vídeos que os conteñan					
<b>Obxectivo:</b> Implicar a todo o equipo docente nas tarefas e ter en conta o currículo, especialmente os estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación e competencias a acadar.						
<b>Acción 1</b>	Reunións periódicas do Equipo de biblioteca, “ciclos” e Claustro					
	Temporalización			Grao de consecución		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/> Conseguido	<input type="checkbox"/> Parcialmente	<input type="checkbox"/> Non conseg
<b>Indicador</b>	Bo resultado final.					
<b>Responsables</b>	E. Biblioteca e claustro.					
<b>Recursos e materiais</b>	Recursos humanos					
<b>Acción 2</b>	Asesoramento					
	Temporalización			Grao de consecución		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> Conseguido	<input checked="" type="checkbox"/> Parcialmente	<input type="checkbox"/> Non conseg
<b>Indicador</b>	Funcionamento do centro.					
<b>Responsables</b>	E. Biblioteca					
<b>Recursos e materiais</b>	Bibliografía para profesorado					
<b>Obxectivo:</b> Promover a colaboración con entidades ou institucións externas ao centro.						
<b>Acción 1</b>	Invitar á participación ou presentar os nosos produtos noutras entidades.					
	Temporalización			Grao de consecución		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/> Conseguido	<input type="checkbox"/> Parcialmente	<input type="checkbox"/> Non conseg
<b>Indicador</b>	Participación Salón do Libro (Concello Pontevedra) Concurso espantallos (Concello A Lama) Representación teatral e musical na residencia da 3ª idade do noso concello					
<b>Responsables</b>	Comunidade educativa					
<b>Recursos e materiais</b>	Os demandados en función das actividades					
<b>Obxectivo:</b> Favorecer a participación das familias no proceso educativo dos seus fillos e fillas						
<b>Acción 1</b>	Convidar ás familias a participar e implicarse (desde a procura de información)					
	Temporalización			Grao de consecución		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/> Conseguido	<input type="checkbox"/> Parcialmente	<input type="checkbox"/> Non conseg
<b>Indicador</b>	Lecturas e actuacións na escola das familias do alumnado					
<b>Responsables</b>	Comunidade educativa					
<b>Recursos e materiais</b>	Os demandados en función das actividades					
<b>Obxectivo:</b> Lograr uns mínimos de aprendizaxe dos contidos e estándares traballados e adquirir as competencias clave.						
<b>Accións</b>	As programadas para cada etapa/nivel.					
	Temporalización			Grao de consecución		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> Conseguido	<input checked="" type="checkbox"/> Parcialmente	<input type="checkbox"/> Non conseg

<b>Indicador</b>	Lecturas e actuacións na escola das familias do alumnado
<b>Responsables</b>	Comunidade educativa
<b>Recursos e materiais</b>	Recursos humanos (profesorado, ponentes, familias, organismos...) Espazos: biblioteca de centro, bibliotecas de aula, aula Tic, escenario, espazos exteriores... Servizo de autobús para as saídas. Dotación económica por parte do centro e da ANPA Materiais demandados en función do “sub-tema” correspondente e as actividades a realizar: bibliografía, pantallas dixitais, ordenadores, cámaras de fotos e vídeo, material funxible de distinta índole, etc.

## B. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS NA AVALIACIÓN

Empregáronse os seguintes: táboas de recollida de datos resultado da observación directa; asembleas; Plans de equipo, dos equipos de traballo cooperativo; rúbricas para a exposición oral e o traballo cooperativo; rexistros de autoavaliación colocados nos taboeiros das aulas e postas en común das aprendizaxes empregando distintas estruturas cooperativas (folio xiratorio, parada de tres minutos, lapis ao medio, saco de dúbidas ...).

## C. CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS

O profesorado valorou moi positivamente os resultados acadados polo alumnado. Estes cuantificaron ditos resultados atendendo aos perfís competenciais e de área establecidos para o noso centro para cada nivel (tendo como referencia os currículos actuais).

## D. VALORACIÓN DOS PRODUTOS FINAIS

Non cabe dúbida que os resultados<sup>2</sup> obtidos son moi positivos, chegando algúns deles a unha cualificación óptima. Polo tanto continuaremos traballando nesta liña.

## 10. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO

A principal función da biblioteca e ser fonte de recursos e o seu equipo será responsable da coordinación e seguimento do proxecto e acordar as pautas a seguir en cada fase.

Por outro lado participa activamente en varios aspectos: motivación (carta da mascota, decorado de bibliotecas de aula), compra de material e realización de actividades propias:

<sup>2</sup> Poden verse nos enlaces sinalados no apartado 11 e no material fotográfico aportado.

Decoración acorde coa arte, exposicións e visitas guiadas pola coordinadora para presentalas, Día das Bibliotecas (Tren poético “Express-Arte”), Padriños lectores, etc.

<b>Valoración da Biblioteca no proceso</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>5</b>
Participación do profesorado nas reunións	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Adopción de acordos e decisións	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Coordinación nas tarefas e actividades	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Material que aborda a temática a traballar	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Asesoramento á comunidade educativa	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Análise permanente do plan de biblioteca	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Realización de actividades de formación	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Seguimento das actuacións a través do Equipo e Claustro	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Grao de satisfacción do resultado o obxectivos acadados	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
<b>OBSERVACIÓN:</b> 1 Insuficiente, 2 Regular, 3 Normal, 4 Bo, 5 Moi bo					

## 11. CONCLUSIÓNS E ENLACES

Creemos neste xeito de traballar, polo que son xa cinco cursos levando a cabo PDIs e dous anos impartindo docencias noutros centros de primaria (este curso en dous centros de Ferrol) a través dos CFRs.

A nosa intención é continuar por esta liña e como proposta de mellora de cara ao próximo curso temos a de involucrar ao novo profesorado que se incorpora por primeira vez á nosa comunidade educativa e implicar a máis familias.

### PRINCIPAIS ENLACES DOS NÓSOS TRABALLOS

Produto final E.I <http://cativoscaldelas.blogspot.com/2019/06/produto-final-do-pdi-18-19.html>

1º e 2º EP: <http://primeirociclomanuelcordoboullosa.blogspot.com/2019/01/pdi-fase-de-motivacion-visitamos.html>

<http://primeirociclomanuelcordoboullosa.blogspot.com/2019/03/pdi-camara-escura.html>

Produto final 1º e 2º: <http://primeirociclomanuelcordoboullosa.blogspot.com/2019/04/somos-arquitects-construimos-un-canastro.html>

Produto final 3º <https://osconguitosdepontecaldelas.blogspot.com/2019/06/pdi-emocionarte-escultura.html>

Produto final 6º <http://terceirociclocordoboullosa.blogspot.com/2019/05/produto-final-pdi-en-6.html>

Revista escolar: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcordoboullosa/node/258>